Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente de acordo coas normas de aplicación, pode excepcionarse a xeral aplicación dos principios citados. Na documentación que se achega ó expediente de modificación de créditos que se tramita, só se incorpora unha proposta do Deputado que preside a Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contas, Persoal e Réxime Interior na que se relacionan as Entidades as que irá dirixida a previsión orzamentaria. Non se expresan, en consecuencia, os motivos de interese xeral que determinan as propostas obxecto de informe, as especiais circunstancias concorrentes ou as excepcionais condicións de cualificación técnica, artística, cultural ou científica das entidades destinatarias que xustifiquen a excepción aos principios xerais expresados. Faise polo tanto necesario tramitar os expedientes administrativos correspondentes nos que se debe incorporar a documentación suficiente que faga posible formar criterio sobre os aspectos esenciais que permitan valorar a súa adecuación ao ordenamento xurídico: Achega da Memoria xurídica, económica e técnica a que fai referencia o artigo 67.3 do Regulamento da Lei Xeral de subvencións (aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 2 de xullo) e a Base 50ª e 51ª de execución do presuposto, Estatutos das Entidades beneficiarias; acreditación de que ditas entidades estean ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa propia Deputación, definición xurídica, técnica e económica das actividades ou investimentos a realizar, o orzamento detallado, a porcentaxe de financiamento provincial e a axeitada clasificación orzamentaria. En consecuencia, a documentación preceptiva e a acreditación dos extremos relevantes previstos na Lei xeral de subvencións e no seu Regulamento, na Lei de subvencións de Galicia e nas Bases de execución do orzamento provincial e a motivación das razóns excepcionais que xustifican o seu outorgamento sen concorrencia, débense incorporar aos expedientes que se tramiten con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial como requisito para a súa válida adopción xunto coa acreditación de que non se están acometendo actividades propias e reservadas á competencia doutras administracións públicas sen levar a cabo os trámites previstos no artigo 7 da LRBRL. Tamén resulta necesario motivar o coeficiente de financiamento previsto, en todo caso e, especialmente, naqueles casos nos que se supera o 80% do presuposto da actividade ou investimento subvencionados e, expresar os criterios obxectivos nos que se basea a cuantificación da achega provincial. Esta motivación é requirida polas propias Bases de Execución do presuposto provincial (base 50 e 51) e resulta singularmente necesaria nos supostos de financiamento do 100 por 100 de orzamento da actividade ou investimento subvencionado.



En definitiva, a non acreditación das razóns excepcionais que xustifican a atribución nominativa da subvención, do seu importe e do seu coeficiente de financiamento, supón non atender ao establecido nos artigos 9 e 103 da Constitución española, no artigo 54 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e nas normas estatais e autonómicas reguladoras das subvencións públicas e, polo tanto, constitúe un dos supostos recollidos no artigo 216.2.c) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. Pola transcendencia xurídica do exposto debe insistirse na necesidade de incorporar a motivación axeitada e a acreditación das razóns singulares e excepcionais de interese público que concorren nas Entidades e nas actividades ou investimentos subvencionados para a non aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, para cuantificar o importe total da subvención outorgada e para determinar o coeficiente de financiamento con criterios obxectivos adecuadamente ponderados, en todo caso e, especialmente, cando supoña o 80% do orzamento subvencionado e, aínda mais, cando ascenda ao 100% do orzamento da investimento ou da actividade obxecto de subvención.

Aproveitase a ocasión para reiterar o manifestado en informes anteriores no senso de que aínda que o artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións, o artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia e os artigos 65 a 67 do regulamento contemplan a posibilidade de outorgar subvencións nominativas de concesión directa, debe lembrarse que os principios xerais para a súa concesión son os de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e só razóns extraordinarias de interese público, que deben acreditarse expresamente, poden xustificar a súa excepción. Na documentación achegada para a elaboración do EMC 4/2016 non se inclúe, como xa se dixo anteriormente, a motivación e acreditación das causas que xustifican as subvencións nominativas para as que se inclúe dotación presupostaria, a motivación da contía que se prevé outorgar, a imposibilidade ou a non conveniencia de participar nos programas xerais de convocatoria pública, a posibilidade dos concellos e entidades subvencionadas de participar noutros programas de subvencións ou plans provinciais de convocatoria pública e aqueles outros elementos relevantes para valorar a súa adecuada definición xurídica, económica ou orzamentaria. Entre as dotacións destinadas ás subvencións nominativas existen destinatarios diferentes:

- A) Concellos, consorcios e outras formas asociativas e organizativas das entidades locais. Neste apartado debe reiterarse que a forma normal de cooperación provincial ás obras e servizos municipais é a dos plans provinciais aos que se refire o artigo 36 da Lei reguladora das bases de réxime local e o artigo 110 da Lei de administración local de Galicia, que requiren o establecemento de criterios obxectivos e xerais da asignación dos recursos públicos provinciais, baseados nos datos e na información dispoñíbel na Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais. Polo tanto, no expediente administrativo a través do cal se tramite o oportuno convenio interadministrativo deberanse acreditar as razóns excepcionais de interese público que impiden ou fan que non sexa conveniente a actuación a través dos Plans Provinciais ou mediante os programas xerais de subvencións dirixidos á totalidade dos concellos da provincia e que non permiten, en definitiva, a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación. Debe manifestarse que na documentación aportada para o presente expediente non se xustificou a concorrencia de circunstancias excepcionais nas obras ou actividades obxecto de aportación provincial, antes ben, constatase que a natureza das mesmas é a propia das contempladas nos Planes provinciais aprobados ou das recollidas nas convocatorias xerais de subvencións previstas para o ano 2016. Tampouco se xustifica a contía da achega provincial prevista e o coeficiente de financiamento. Extremos todos eles que deberán acreditarse nos expedientes que se tramiten pois a ausencia da xustificación da excepcionalidade da achega provincial e dos criterios obxectivos aplicados para a súa cuantificación son requisitos esenciais para a válida adopción dos acordos correspondentes. Noutro caso, estaríamos en presenza da omisión dos requisitos ou trámites esenciais nos termos establecidos no artigo 216.2.c) do TRLRFL, como xa se indicou anteriormente.
- B) Entidades públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro. Polo que se refire ás achegas provinciais a outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro débense tomar en consideración os citados principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación recollidos na Lei xeral de subvencións, no seu Regulamento de desenvolvemento e nas Bases de execución do orzamento provincial. Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente de acordo coas normas de aplicación pode excepcionarse a xeral aplicación de tales principios. Tal motivación debe incorporarse aos expedientes que se tramiten con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial como condición para a súa válida adopción así como a determinación dos criterios de cuantificación de subvencións outorgadas e do coeficiente de financiamento proposto, pois tamén neste caso, si non se acreditasen estes extremos estaríamos en presenza da omisión dos requisitos ou trámites esenciais nos termos establecidos no artigo 216.2.c) do TRLRFL, como xa se indicou anteriormente. Insístese, unha vez mais, que na documentación aportada para a tramitación do E.M.C. nº 4/2016 se recoller unha sucinta proposta que non inclúe a mínima documentación que permita acreditar as condicións dos posibles beneficiarios para obter subvencións públicas nin motivación algunha que xustifique a contía proposta, a adecuación do obxecto as competencias provinciais, en fin a adecuación das propostas a normativa de aplicación.

En todo caso parece necesaria a coordinación con outras administracións públicas, de acordo co disposto reiteradamente no ordenamento xurídico vixente e particularmente no artigo 8 da Lei xeral de subvencións, nos artigos 1 a 15 do seu regulamento e no artigo 5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia que se refiren á necesidade dun Plan estratéxico de subvencións para garantir a eficacia na asignación dos recursos públicos e a coordinación interadministrativa. A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentenzas do 26 de xuño de 2012, recurso de casación nº. 4271/2011, do 4 de decembro de 2012, RC 4369/2011, de xaneiro de 2013 recursos de casación números 57/2012 e 559/2012 e 16 de abril de 2013, RC 1372/2012) atribuíu o seu carácter esencial ao Plan estratéxico de subvencións para a súa válida tramitación, segundo pon de manifesto o secretario xeral da Corporación nos seus informes ás Bases xerais e específicas das convocatorias de subvencións de 2016.

A Lei galega de subvencións regula a concesión directa delas no seu artigo 26, que é do seguinte teor literal:

*"1. A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei. Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.*

*2. As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que se autorice a subscribir, deberán axustarse ás previsións contidas nesta lei, salvo no que afecte a aplicación dos principios de publicidade e concorrència, e conterán como mínimo os seguintes extremos.*

*a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular delas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.*

*b) Réxime xurídico aplicable.*

*c) Beneficiarios e modalidades de axuda.*

*d) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, se é o caso, polas entidades colaboradoras.*

*3. A concesión de subvencións por importe superior a 150.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos, requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia".*

Polo exposto, debe insistirse en que resulta imprescindible a tramitación administrativa posterior dos convenios ou acordos nos que se incorpore a motivación e a documentación necesaria, que agora non se aporta, se concreten os elementos esenciais das subvencións nominativas establecidas na base citada, é dicir:

- Memoria xurídica, económica e técnica na que se expresan as circunstancias singulares e excepcionais de interese público que impiden ou non fagan aconsellable a inclusión das actividades ou investimentos previstos nas convocatorias públicas de Plans ou programas de subvencións de concorrència xeral.
- Definición precisa do obxecto, de forma que sexa posíbel a súa adecuada comprobación a engadir, se é o caso, o proxecto técnico correspondente co contido e trámites que establecen os artigos 107 e 109 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e as súas normas de desenvolvemento regulamentario.
- Orzamento pormenorizado da actividade ou investimento a realizar.
- Réxime xurídico aplicábel en materia de xustificación documental, pagamentos, economías de execución, etc.
- Motivación do excepcional interese público que impida ou non faga aconsellable a publicidade e a concorrència.
- Criterios obxectivos de cuantificación do importe da achega provincial e, se é o caso, motivación excepcional se alcanza o 100 por 100 do custo da actividade.
- Prazo e forma de acreditar o cumprimento da finalidade pretendida.
- Compromisos recíprocos, e os restantes puntos enumerados no último parágrafo da base 50 de execución do orzamento provincial para o exercicio 2016.
- Obrigacións formais, materiais e de publicidade ou adscrición a fins públicos dos bens ou dos equipamentos.

- Réxime de infraccións, sancións e control financeiro e demais contidos recollidos no convenio-tipo elaborado para este fin.

Neste apartado faise necesario engadir unha consideración adicional:

Algúns dos posibles beneficiarios das subvencións nominativas, para as que se dotan créditos orzamentarios no E.M.C. nº 4/2016, foron beneficiarios de subvencións nominativas en exercicios anteriores.

En relación coa actividade de fomento provincial emitíronse por esta Intervención Provincial os informes cuxo texto se incorporou como Anexos nº 2 e 3 ao expediente de Modificación de créditos número 5 de 2015 cuxo contido agora reitérase. Os informes citados foron actualizados no mais recente de 4 de maio que se incluíu no punto 7º da orde do día da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contas, Persoal e Réxime Interior do 23 de maio de 2016 .

E necesario recordar que a actividade de fomento das Entidades Locais tamén está condicionada pola determinación da competencia que as mesmas lles atribúen as normas estatais e autonómicas. En consecuencia, deben tomarse en consideración os aspectos de procedemento e as limitacións económicas e financeiras establecidas, para a implantación de novos servizos municipais no artigo 7.4 da lei reguladora das Bases de Réxime Local e en os artigos 3 e seguintes da lei 5/2014, de 27 de maio, de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local. Neste mesmo apartado tamén se debe poñer de manifesto o establecido na nova redacción do artigo 13.4.g) da lei Reguladora das Bases de Réxime Local que se refire a os concellos fusionados nos seguintes termos: *“g) Durante, al menos, los cinco primeros años desde la adopción del convenio de fusión, tendrá preferencia en la asignación de planes de cooperación local, subvenciones, convenios u otros instrumentos basados en la concurrencia. Este plazo podrá prorrogarse por la Ley de Presupuestos Generales del Estado.”*

## B) DE ESTABILIDADE PRESUPPOSTARIA E SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA.

### B.1 – Avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria.

A continuación realizase unha avaliación sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria como consecuencia da incorporación ao Presupuesto Provincial do exercicio 2016 do expediente de modificación de créditos nº 4/2016, de aprobación polo Pleno. Tal avaliación realizase de conformidade co establecido e con arrego ao disposto no Real Decreto 1.463/2007, do 2 de novembro, que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria na súa aplicación ás Entidades Locais vixente no que non se opoña ou contradiga a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril (modificada pola Lei Orgánica 4/2012, do 28 de setembro).

O artigo 16.2 do Regulamento citado establece o carácter preceptivo do informe da Intervención local sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e os seus organismos e as entidades dependentes con motivo da aprobación do presuposto xeneral (incorporándoo ó informe previsto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) ca ocasión da aprobación dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito polo Pleno corporativo (referíndose ó informe establecido no artigo 177.2 do TRLRHL) e con motivo da liquidación do Presupuesto (incorporándose, neste caso, ó informe requirido no artigo 191.3 do TRLRHL).

Os obxectivos de estabilidade presupostaria, de débeda pública e de límite de gasto non financeiro para o período 2016-2018 foron fixados polo Acordo do Consello de Ministros do 10 de xullo de 2015, aprobáronse polo Pleno do Congreso o 15 de xullo de 2015 e polo Pleno do Senado o 16 de xullo seguinte, de acordo ós indicadores que se transcriben a continuación:

### ANEXO I

Objetivo de estabilidad presupuestaria para el periodo 2016-2018 (\*)

Capacidad (+) Necesidad (-) de Financiación, SEC-10  
(En porcentaje del PIB)

	2016	2017	2018
Administración Central ....	-2,2	-1,1	-0,2
Comunidades Autónomas.	-0,3	-0,1	0,0
Entidades Locales .....	0,0	0,0	0,0
Seguridad Social .....	-0,3	-0,2	-0,1
<b>Total Administraciones públicas</b>	<b>-2,8</b>	<b>-1,4</b>	<b>-0,3</b>

*\* estos objetivos no incluyen el posible efecto del mecanismo de ayuda financiera europea*


### ANEXO II

Objetivo de deuda pública para el periodo (\*)  
2016-2018 (\*)

(En porcentaje del PIB)

	2016	2017	2018
Administración Central y SS.SS.	72,6	71,5	69,2
Comunidades Autónomas.	22,5	21,8	20,9
Entidades Locales .	3,4	3,2	3,1
<b>Total Administraciones Públicas</b>	<b>98,5</b>	<b>96,5</b>	<b>93,2</b>

*(\*) Estos objetivos de deuda pública poderanse rectificar polo importe efectivo da execución e os mecanismos adicionais de financiamento para as Comunidades Autónomas que se produzan durante os respectivos exercicios sempre que non se destinen a financiar vencementos de deuda ou déficit do exercicio en que se execute e polos incrementos de deuda derivados de reclasificacións de entidades e organismos públicos no Sector de Administracións públicas sempre que non financien déficit do exercicio.*





**ANEXO III**

<b>Regla de gasto para el período 2016-20187</b>		
<b>2016</b>	<b>2017</b>	<b>2018</b>
1,8	2,2	2,6

A continuación recóllese a valoración do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, da chamada "Regla de Gasto" e do "Limite de endeudamiento" os que se refiren a Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria y Sostenibilidade financeira, referida a este expediente de modificación de créditos nº 3 do exercicio 2016 de aprobación polo Pleno.

**B.1.1 -Situación de estabilidade no Presupuesto aprobado inicialmente para o exercicio 2016.**

As previsións iniciais contidas no Presupuesto da Deputación Provincial para o exercicio 2016 responden ó seguinte detalle:

<b>OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>		<b>Presupuesto 2016-Previsións iniciais</b>
<b>1.- Recursos correntes</b>		<b>173.554.281,18</b>
Cap.1.- Impuestos directos		16.113.432,58
Cap.2.- Impuestos indirectos		14.396.701,53
Cap.3.- Taxas y outros ingresos		10.519.620,98
Cap.4.- Transferencias correntes (ingresos)		131.814.277,44
Cap.5.- Ingresos patrimoniais		710.248,65
<b>2.- Emplegos correntes</b>		<b>111.775.394</b>
Cap.1.- Gastos de persoal		39.839.503,89
Cap.2.- Gastos en bens correntes e servizos		22.545.924,35
Cap.3.- Xuros		20.000,00
Cap.4.- Transferencias correntes (gastos)		45.857.965,76
Cap. 5.- Fondo de Continencia		3.512.000,00
<b>Aforro bruto (1-2)</b>		<b>61.778.887,18</b>
<b>3.- Recursos de capital</b>		<b>0,00</b>
Cap.6.- Elieamento de inversións reais		1.569.708,00
Cap.7.- Transferencias de capital (Ingresos)		19.355.000,00
<b>4.- Emplegos de capital</b>		<b>41.757.870,00</b>
Cap.6.- Inversións reais		22.402.870,00
Cap.7.- Transferencias de capital (gastos)		19.355.000,00
<b>Capacidade (+) o necesidade (-) de financiamento (1+3-2-4)</b>		
<b>OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>		

<b>OPERACIONES FINANCEIRAS</b>		<b>Presupuesto 2016 -Previsións iniciais</b>
<b>5.- Recursos Financeiros (Ingresos)</b>		<b>475.045,00</b>
Cap. 8.- Activos Financeiros		475.045,00
Cap. 9.- Pasivos Financeiros		0,00
<b>6.- Emplegos Financeiros (Gastos)</b>		<b>22.065.771,00</b>

Cap. 8.- Activos Financeiros	22.065.771,00
Cap. 9.- Pasivos Financeiros	0,00
Capacidade (+) o necesidade (-) de financiamento (5-6)	- 21.590.726,00
<b>OPERACIONES FINANCIERAS</b>	
<b>NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO: TOTAL</b>	
	0,00

A análise das cifras detalladas no cadro precedente permite realizar as seguintes consideracións:

- 1ª) O aforro bruto previsto é positivo e ascende a 61.778.887,18 €.
- 2ª) O aforro bruto citado permite financiar os "empregos" de capital previstos (41.757.870,00 €) e xera unha capacidade de financiación do total de operacións non financeiras previstas de 21.590.726,00 €
- 3ª) A capacidade de financiamento xerada polas operacións non financeiras coincide coa necesidade de financiamento que resulta das operacións financeiras, acreditándose, deste modo, o cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria e a efectiva nivelación presupostaria das previsións iniciais do exercicio 2016.  
Para unha valoración máis precisa dos resultados sinalados é necesario pór de manifesto que nos créditos iniciais do Capítulo V do estado de gastos recollese unha dotación de 3.512.000,00€ para o Fondo de Continxencia a que se refire o artigo 31 da LOEPySF.

**B.1.2. Situación da inestabilidade presupostaria, de carácter formal, como consecuencia da incorporación ao exercicio 2016 do presente expediente de modificación de créditos "de aprobación polo Pleno" y dos restantes expedientes de modificación de créditos tramitados no presente exercicio.**

De acordo co establecido na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira e no Regulamento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro e no acordo do Consello de Ministros do 10 de xullo de 2015, aprobado polos Plenos do Congreso de 15 de xullo e do Senado do 16 de xullo seguinte, polos que se determina o obxectivo de estabilidade presupostaria para as distintas administracións públicas no período 2016-2018, nos termos do sistema europeo de contas nacionais e rexionais (SEC-95), faise de seguido unha avaliación do cumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria no expediente de modificación de créditos obxecto deste informe.

Para tal fin tomarase en consideración o contido do expediente de modificación de créditos e as fontes e financiamento previstas. Tal e como se indica na proposta obxecto do informe, o contido resumido do expediente é o seguinte:

NECESIDADES DE FINANCIAMENTO		FONTES DE FINANCIAMENTO	
Créditos Extraordinarios	1.885.616,64	Aumento das previsións	25.878.501,13
Suplementos de crédito	28.659.955,44	Baixas por anulación	4.667.070,95
<b>TOTAL</b>	<b>30.545.572,08</b>	<b>TOTAL</b>	<b>30.545.572,08</b>

O resumo por capítulos das modificacións propostas presenta o seguinte detalle:

CAPITULO GASTOS	MODIFICACIONES		CAPITULO INGRESOS	MODIFICACIONES
	AUMENTOS	BAIXAS		
1.- Gastos de persoal	0,00	0,00	1.- Impostos directos	0,00
2.- Gastos correntes	940.000,00	75.000,00	2.- Impostos indirectos	0,00
3.- Gastos financeiros	0,00	0,00	3.- Taxas e outros ingresos	0,00

4.- Transferencias correntes	1.717.494,04	2.592.070,95	4.- Transferencias correntes	0,00
5.- Fondo de Continxencia	0,00	0,00	5.- Ingresos patrimoniais	0,00
6.- Investimentos reais	700.000,00	0,00	6.- Enaxenación de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	27.188.078,04	2.000.000,00	7.- Transferencias de capital	0,00
8.- Activos financeiros	0,00	0,00	8.- Activos financeiros	25.878.501,13
9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	9.- Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>30.545.572,08</b>	<b>4.667.070,95</b>	<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>25.878.501,13</b>

No presente exercicio tramitáronse diferentes expedientes de Modificación de créditos sobre o Presuposto inicial que unidos ao presente expediente dan como resultado a situación que se describe no cadro seguinte:

#### AVALIACIÓN PREVIA DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA: E.M.C. DO PLENO Nº 4/2016

OPERACIONES NON FINANCEIRAS	Prev./Créditos iniciais Prto. 2016	MODIFICACIONES ejercicio 2016		Prev./Créditos antes EMC4/2016	MODIFICACIONES EMC 4/2016		Prev./Créditos despóis EMC 4/2016
		Aumentos	Diminucións		Aumentos	Diminucións	
<b>1.- Recursos correntes</b>	<b>173.554.281,18</b>	<b>1.462.680,15</b>		<b>175.016.961,33</b>			<b>175.016.961,33</b>
Cap.1.- Impostos directos	16.113.432,58			16.113.432,58			16.113.432,58
Cap.2.- Impostos indirectos	14.396.701,53			14.396.701,53			14.396.701,53
Cap.3.- Taxas e outros ingresos	10.519.620,98			10.519.620,98			10.519.620,98
Cap.4.- Transferencias correntes (ingresos)	131.814.277,44	1.462.680,15		133.276.957,59			133.276.957,59
Cap.5.- Ingresos patrimoniais	710.248,65			710.248,65			710.248,65
<b>2.- Empregos correntes</b>	<b>111.775.394,00</b>	<b>33.417.302,90</b>	<b>6.707.419,76</b>	<b>138.485.277,14</b>	<b>2.657.494,04</b>	<b>2.667.070,95</b>	<b>138.475.700,23</b>
Cap.1.- Gastos de persoal	39.839.503,89	537.697,00	53.636,00	40.323.564,89			40.323.564,89
Cap.2.- Gastos en bens correntes e servizos	22.545.924,35	8.314.780,76	156.690,57	30.704.014,54	940.000,00	75.000,00	31.569.014,54
Cap.3.- Intereses. Gastos financeiros	20.000,00	32.851,56		52.851,56			52.851,56
Cap.4.- Transferencias correntes (gastos)	45.857.965,76	24.531.973,58	6.497.093,19	63.892.846,15	1.717.494,04	2.592.070,95	63.018.269,24
Cap. 5.- Fondo de Continxencia	3.512.000,00			3.512.000,00			3.512.000,00
<b>Aforro bruto (1-2)</b>	<b>61.778.887,18</b>	<b>-31.954.622,75</b>	<b>-6.707.419,76</b>	<b>36.531.684,19</b>	<b>-2.657.494,04</b>	<b>-2.667.070,95</b>	<b>36.541.261,10</b>
<b>3.- Recursos de capital</b>	<b>1.569.708,00</b>	<b>6.409.606,45</b>	<b>0,00</b>	<b>7.979.314,45</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>7.979.314,45</b>
Cap.6.- Enaxenación de investimentos reais	1.569.708,00			1.569.708,00			1.569.708,00
Cap.7.- Transferencias de capital (ingresos)		6.409.606,45		6.409.606,45			6.409.606,45
<b>4.- Empregos de capital</b>	<b>41.757.870,00</b>	<b>128.953.752,16</b>	<b>53.854,19</b>	<b>170.657.767,97</b>	<b>27.888.078,04</b>	<b>2.000.000,00</b>	<b>196.545.846,01</b>
Cap.6.- Invetimentos reais	22.402.870,00	31.130.226,49	16.500,00	53.516.596,49	700.000,00		54.216.596,49
Cap.7.- Transferencias de capital (gastos)	19.355.000,00	97.823.525,67	37.354,19	117.141.171,48	27.188.078,04	2.000.000,00	142.329.249,52
<b>Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (1+3-2-4)</b>	<b>21.590.725,18</b>	<b>-154.498.768,46</b>	<b>-6.761.273,95</b>	<b>-126.146.769,33</b>	<b>-30.545.572,08</b>	<b>-4.667.070,95</b>	<b>-152.025.270,46</b>
<b>OPERACIONES FINANCEIRAS</b>							<b>0,00</b>
<b>5.- Recursos Financeiros (ingresos)</b>	<b>475.045,82</b>	<b>152.871.020,55</b>	<b>0,00</b>	<b>153.346.066,37</b>	<b>25.878.501,13</b>	<b>0,00</b>	<b>179.224.567,50</b>
Cap.8.- Activos Financeiros	475.045,82	152.871.020,55		153.346.066,37	25.878.501,13		179.224.567,50
Cap. 9.- Pasivos Financeiros				0,00			0,00
<b>6.- Empregos Financeiros (Gastos)</b>	<b>22.065.771,00</b>	<b>5.133.526,04</b>	<b>0,00</b>	<b>27.199.297,04</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>27.199.297,04</b>
Cap. 8.- Activos Financeiros	22.065.771,00	5.133.526,04		27.199.297,04			27.199.297,04
Cap. 9.- Pasivos Financeiros	0,00			0,00			0,00
<b>Capacidade(+) ou necesidade (-) de Financiamento (5-6)</b>	<b>-21.590.725,18</b>	<b>147.737.494,51</b>	<b>0,00</b>	<b>126.146.769,33</b>	<b>25.878.501,13</b>	<b>0,00</b>	<b>152.025.270,46</b>
<b>Cap. (+) ou nec.(-) neta financiamento (1+3-2-4+5-6)</b>	<b>0,00</b>	<b>-6.761.273,95</b>	<b>-6.761.273,95</b>	<b>0,00</b>	<b>-4.667.070,95</b>	<b>-4.667.070,95</b>	<b>0,00</b>

Manifestase que nas previsións definitivas de ingresos e gastos do Presuposto Provincial do exercicio 2016 unha vez incorporadas as modificacións que recolle o EMC 4/2016 existe un desequilibrio en termos de estabilidade presupostaria de 152.025.270,46 €, que ten dúas orixes específicas:



- A aplicación do Remanente de Tesourería do exercicio 2015 (concepto 870.00 y 870.10 do Estado de Ingresos) como fonte de financiamento das modificacións de crédito seguintes:
  - Incorporación de remanentes de crédito estado de Gastos do exercicio 2016 105.249.034,56 €
    - - Financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais 105.118.782,22 €
    - - Financiado con Remanente de Tesourería para Gastos co financiamento afectado 130.252,34 €
  - Incorporación de remanentes de créditos 2, (R.T.G.) 385.448,57€
  - Incorporación de remanentes de créditos 3 (R.T.G.) 45.980,01€
  - Anulación de Incorporación de remanentes - 35.163.824,74€
  - Anulación de Incorporación de remanentes - 441.724,54€
  
- A aplicación do Remanente de Tesourería do exercicio 2015 como fonte de financiamento do presente exercicio:
  - Expediente de Modificación de Créditos de competencia de Pleno Nº 1 33.175.164,92€
  - Expediente de Modificación de créditos de competencia de Pleno Nº 2 42.137.558,88€
  - Expediente de Modificación de créditos de competencia de Pleno Nº 3 7.483.382,89€
  - Expediente de Modificación de créditos de competencia de Pleno (presente) Nº 4 25.878.501,13€

O respecto sinalase que o Remanente de Tesourería do Exercicio 2015, utilizado como recurso para financiar expedientes de modificación de créditos non pode considerarse como unha operación de endebedamento do exercicio 2016 senón que constitúe unha fonte de financiamento propia derivada da execución presupostaria provincial.

Do exposto anteriormente dedúcese que para unha axeitada valoración do obxectivo de estabilidade presupostaria na Deputación Provincial da Coruña, o comparar as "previsións definitivas" de ingresos e os "créditos definitivos" de gastos do exercicio 2016, resulta ilustrativo realizar as valoracións que se recollen no cadro seguinte:

**CUADRO Nº 2.- AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA: EMC Nº 4/2016. AXUSTES EN PREVISIÓN/CRÉDITOS DEFINITIVOS.**

<b>OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>	<b>Prev./Créditos despois EMC 4/2016</b>	<b>Modificacións por aplica- ción do remanente de tesourería (B)</b>	<b>TOTAL (A-B-C)</b>
<b>1.- Recursos correntes</b>	<b>175.016.961,33</b>	<b>0,00</b>	<b>175.016.961,33</b>
Cap.1.- Impostos directos	16.113.432,58	0,00	16.113.432,58
Cap.2.- Impostos indirectos	14.396.701,53	0,00	14.396.701,53
Cap.3.- Taxas e outros ingresos	10.519.620,98	0,00	10.519.620,98
Cap.4.- Transferencias corrientes (Ingresos)	133.276.957,59	0,00	133.276.957,59
Cap.5.- Ingresos patrimoniais	710.248,65	0,00	710.248,65
<b>2.- Empregos correntes</b>	<b>138.475.700,23</b>	<b>33.647.036,03</b>	<b>104.828.664,20</b>
Cap.1.- Gastos de persoal	40.323.564,89	386.440,98	39.937.123,91
Cap.2.- Gastos en bens correntes e servizos	31.569.014,54	8.168.444,31	23.400.570,23
Cap.3.- Gastos financeiros	52.851,56	6.851,56	46.000,00
Cap.4.- Transferencias correntes (gastos)	63.018.269,24	25.085.299,18	37.932.970,06
Cap.5.- Fondo de Continxencia	3.512.000,00	0,00	3.512.000,00
	<b>36.541.261,10</b>	<b>-33.647.036,03</b>	<b>70.188.297,13</b>
<b>3.- Recursos de capital</b>	<b>7.979.314,45</b>	<b>0,00</b>	<b>7.979.314,45</b>
Cap.6.- Enaxenación de investimentos reais	1.569.708,00	0,00	1.569.708,00
Cap.7.- Transferencias de capital (ingresos)	6.409.606,45	0,00	<b>6.409.606,45</b>
<b>4.- Empregos de capital</b>	<b>196.545.846,01</b>	<b>139.968.959,61</b>	<b>56.576.886,40</b>
Cap.6.- Investimentos reais	54.216.596,49	25.406.520,04	28.810.076,45
Cap.7.- Transferencias de capital (gastos)	142.329.249,52	114.562.439,57	27.766.809,95
<b>Capacidade (*) ou necesidade (-) de financiamento (1+3-2-4)</b>	<b>-152.025.270,46</b>	<b>-173.615.995,64</b>	<b>21.590.725,18</b>
<b>OPERACIONES FINANCEIRAS</b>			<b>0,00</b>
<b>5.- Recursos Financeiros (ingresos)</b>	<b>179.224.567,50</b>	<b>178.749.521,68</b>	<b>475.045,82</b>
Cap.8.- Activos Financeiros	179.224.567,50	178.749.521,68	475.045,82
Cap. 9.- Pasivos Financeiros			<b>0,00</b>
<b>6.- Empregos Financeiros (Gastos)</b>	<b>27.199.297,04</b>	<b>5.133.526,04</b>	<b>22.065.771,00</b>
Cap. 8.- Activos Financeiros	27.199.297,04	5.133.526,04	22.065.771,00
Cap. 9.- Pasivos Financeiros	0,00		<b>0,00</b>
<b>Capacidade(+) ou necesidade (-) de Financiamento (5-6)</b>	<b>152.025.270,46</b>	<b>173.615.995,64</b>	<b>-21.590.725,18</b>
<b>Cap. (*) ou nec.(-) neta financiamento (1+3-2-4+5-6)</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

No cadro anterior,ponse de manifesto que a situación das previsións e créditos definitivos despois do Expediente de Modificacións de créditos nº 4/2016 presenta unha "necesidade de financiamento total de 152.025.270,46 €. Se exclúen do cómputo todas aquelas modificacións presupostarias correspondentes as operacións financeiras do exercicio 2016, que se financiaron con Remanente de Tesourería do exercicio 2015 (178.749.521,68€) obtense unha situación que pon de manifesto que as operacións non financeiras xeran unha capacidade de financiamento de 21.590.725,18€. e que as operacións financeiras dan lugar a unha necesidade de financiamento de 21.590.725,18€.

En virtude do exposto resulta evidente que o "desequilibrio" ou "necesidade de financiamento" indicado require dun Plan económico financeiro de corrección que, en todo caso deberá poñer de manifesto que o desequilibrio está motivado exclusivamente pola utilización do Remanente de Tesourería como recurso para financiar modificacións de créditos nos conceptos de gasto non financeiro. O Plan económico debe ter o contido previsto no art. 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira. Todo iso sen prexuízo do resultado que se obteña o longo do exercicio coma consecuencia da real e efectiva execución presupostaria das previsións agora analizadas.

Se a evolución do obxectivo de estabilidade Presupostaria se avaliasse cos criterios utilizados pola Administración do Estado para configurar a información presupostaria a remitir en aplicación da Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2105/2012, do 1 de outubro, modificada pola Orde HAP 2082/2014, do 7 de novembro, pola que se desenrolan as obrigacións de achegar a información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, obtéñense os resultados que se inclúen no Anexo nº I ao presente expediente de modificacións de crédito que pon de manifesto o previsíbel cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria ao longo do exercicio nas condicións e con axustes tidos en conta na súa proxección a decembro de 2016, cunha marxe de 25.780.604,97 €.

### B.2.- REGRA DE GASTO:

O presente informe acompaña o Anexo nº II que ten por obxecto a "análise e a avaliación do cumprimento da Regra de Gasto a que se refire a Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira"

A vista da información contida no Anexo citado pode formularse a seguinte consideración:

Si as obrigacións efectivamente recoñecidas no exercicio 2016 excederan do límite que se recolle no informe adxunto, 7.773.418,83 € deberíanse levar a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. En todo caso, para evitar a superación do límite citado deben levarse a cabo as actuacións informativas e preventivas axeitadas.

### B.3.- LIMITE DE ENDEBEDAMENTO

A situación da débeda provincial por operacións de crédito a 1 de xaneiro de 2016 e a evolución prevista durante dito exercicio é a detallada no informe da Intervención ao Presupuesto do exercicio 2016, que pon de manifesto a inexistencia de operacións de crédito con entidades financeiras, concertadas ou programadas para o exercicio. Os importes a devolver como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios 2008, 2009, 2013 e 2014 polos tributos cedidos do Estado e polo *Fondo Complementario de Financiación*, presentan a evolución durante o exercicio 2016 que se pon de manifesto a continuación:

CONCEPTO	PENDENTE DEVOLUCIÓN A 1-1-2016	IMPORTE A REINTEGRAR AÑO 2016	PENDENTE DEVOLUCIÓN A 31-12-2016
Liquidación 2008	6.482.625,55	405.164,10	6.077.461,45
Liquidación 2009	27.472.087,79	1.717.005,49	25.755.082,30
Liquidación 2013	4.479.250,63	4.479.250,63	0,00
Liquidación 2014	182.314,78	182.314,78	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>38.616.278,75</b>	<b>6.783.735,00</b>	<b>31.832.543,75</b>

### TERCERO: CONSIDERACIÓNS FINAIS.

De canto se expuxo poden obterse as seguintes conclusións relevantes:

PRIMEIRA: O Expediente de Modificación de créditos nº 4/2016, de aprobación polo Pleno, finánciase con recursos suficientes de acordo ca normativa presupostaria de aplicación e ascende a 30.545.572,08 €

SEGUNDA: O tramitar o EMC 4/2016, implica unha "necesidade de financiamento total" das previsións definitivas por operacións non financeiras de 152.025.270,46 € como consecuencia de utilizar como fonte de financiamento o Remanente de Tesourería no importe total de 178.749.521,68 €

De acordo co establecido nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira requírese a elaboración e aprobación dun Plan Económico Financeiro para a corrección das situacións de incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, co contido, alcance e procedementos establecidos no dito precepto. Corresponde ao Pleno a aprobación do Plan requirido e dar ao mesmo a tramitación prevista no artigo 23.4 da LOEPySF. Todo elo sen perxuízo de tomar en consideración o disposto no artigo 21.1 do Real Decreto 1463/2007 mendado.

En todo caso tomarase en consideración a causa do incumprimento citado e a situación económico-financeira xeral da Deputación e os restantes elementos descritos no apartado 2 do artigo 21 da reiterada LOEPySF

Se se teñen en consideración os criterios utilizados pola Administración do Estado na avaliación obtense os resultados que se recollen no Anexo 1 e que supoñen o previsible cumprimento do obxectivo de Estabilidade Presupostaria ao longo do exercicio cas estimacións deducidas do presente Expediente, cunha marxe aproximada 25.780.604,97 €

TERCEIRA: Os créditos iniciais e definitivos actuais do Presuposto do exercicio 2016 non superan, tras os axustes correspondentes, os límites de gasto que resultan de tomar en consideración os créditos iniciais e definitivos do exercicio 2015. Non obstante, deben adoptarse as cautelas e previsións necesarias para garantir que as obrigas que efectivamente se recoñezan e liquiden durante o exercicio 2016 non superen o límite de gasto inicialmente determinado para o exercicio. O marxe estimado existente agora ata dito límite ascende a 7.773.418,83 €. De superarse o límite de gasto citado deberían levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 e 23 da LOEPySF nos prazos, condicións e cos trámites establecidos nela.

CUARTA: O volume total da débeda por operacións financeiras e por importes a devolver ao Estado polas liquidacións negativas dos exercicios 2008, 2009, 2013 e 2014 e moi inferior ao límite legal establecido no artigo 53 do TRLRHL e na Disposición Final Trixésimo primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2013.

